

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES
XOÁN VILA

DEPUTACIÓN DE LUGO. Área de Cultura e Deporte

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente da Deputación de Lugo

Antonio Veiga Outeiro
Deputado Delegado de Cultura e Deporte

CATÁLOGO

Coordinación
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Departamento de Publicacións da Rede Museística
Provincial

Textos
Paco Pestana
José María Lugilde
Darío Xohán Cabana
Xulio López Valcarcel

Fotografías
Germán Limeres

Deseño e maquetación
ta ta ta

Edita
Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo

Impresión
XXXXXXXXXX

ISBN: XXXXXXXXX
Depósito legal: XXXXXXXXX

Primeira edición, 2008

- © **da presente edición** Museo Provincial de Lugo
- © **dos textos** os seus autores
- © **das fotografías** os seus autores

EXPOSICIÓN

DEPUTACIÓN DE LUGO
Do 16 de maio ó 22 de xuño do 2007

Comisario
Paco Pestana

AGRADECEMENTOS

Encarna Lago
Paco Pestana
Xoán Cuba
Teófilo López de Pedro
Germán Limeres
José María Lugilde
Darío Xohán Cabana
Xulio López Valcarcel
Gilberto Penelas
Noelia Castro Lage
ta ta ta
e a todo o persoal do Museo

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES
XOÁN VILA

Á miña familia
e ós meus amigos

Adicado ó meu pai
In Memoriam

Non se sabe moi ben se Xoán Vila procura adrede ou atopa por azar formas na natureza que despois é quen de transformar nas súas realizacións escultóricas. En todo caso, a madeira proporciónalle o celme dos seus soños, a madeira na súa forma orixinal cóntalle o que existe e el, cun sopro de alento, adiviña o que existirá.

Xoán, no seu obradoiro de Romeán, traballa e vive para a escultura, e, como se fose unha divindade das fragas, absorbe das formas puras das madeiras do país o zume que dá vida a ringleiras de personaxes silenciosos e abstraídos, “pasmadiños e calados” figuras con paisaxe propia que furan nos valados da memoria e que cobran algún xeito de vida para enfrontar o espectador coa propia textura interior do ser humano.

O escultor de Romeán procede das artes populares e sendo como é posuidor do oficio da talla, dominador das súas técnicas, recursos e ferramentas, da acugulada sabedoría informada por séculos de tradición; aplica a súa conciencia e a súa sensibilidade franciscana á irmá madeira para, coa devoción dun avogoso santiño laico, crear o seu propio e polícromo retablo da vida, impregnado sempre dun humor suave e sen malicia.

A mostra “Pasmadiños e calados furasebes” que Xoán Vila trouxo á Deputación de Lugo, organizada pola Rede Museística Provincial e recollida neste catálogo que me honro en presentar, tivo unha extraordinaria acollida de público e unha impresionante repercusión mediática. Acóllome ás palabras do poeta Xulio L. Valcárcel para dicir que Vila saíu “airoso do envite” de expoñer no Pazo de San Marcos e aproveito para desexarlle, dende a admiración, a este escultor entrañable e discreto o mellor dos percorridos nos seus vindeiros proxectos artísticos.

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente da Deputación de Lugo

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES



Pasmadiños e calados furasebes Paco Pestana

A nosa xente divertiase con sencillez e anque intensamente. E os “inventos” languidecían como aparicións familiares ou extravagancias de corte hereditario. Cando a alguen se lle chamaba “artista ou poeta” como mínimo, era atribuírle os sambenitos de arbitrario, veleta ou folgazán. Artistas e escritores salían de debaixo das pedras. E parece que este mundo herdado o non ter a posibilidade de vivir peligrosamente grandes aventuras soio nos queda, a de cazar fantasmas para completar unha imaxen que temos fatigada pola realidade.

Xoán Vila da raia de Castroverde é un escultor “clandestino”, desos que agroman despois de facer o seu oficio, de vivir e sobrevivir. Calado, e sumamente discreto anduvo tocando a zoca polos “oficios” do arte facendo de menestral e aprendendo as argucias da cociña artística como un devoto frailuco tomando apuntes calados entre sorrisos e parabéns de pillo-pillaván.

Xoán leva moitos anos hipnotizado pola escultura. E falando dela vésele a vocación e unha devoción sin fisuras. Sin prisas vanguardistas, adocénouse labrando con primor santiños asexuados e fantasmas de ollos estalificados, absortos entre o espanto e a parálisis facial. Xoán facía santos sin ceo e bichos de dios sin sexo nin plumas. Aunque él sempre tuvo unha gramática parda fascinada por contar batallas de pudorosa pedagogía moral. Quere explicarse para que os seus enxendros mentales paridos, mudos e fatales sexan unha especie de salmodia redentorista e rural. El poñía a súa alma en facer sagrarios laicos en madeiras do país, castiñeiros, carballos e vidueiros. Leal a línea curva este coleccionista de xoguetes e aveños é cazador de reliquias. Ahora está entrando felizmente no seu mundo. Atrapallando a libertá, pero con teimosa insistencia, facendo da súa capa un sayo.

E si a esta feira vas traerasme un lisiado e un cuco, unha pulga e un pazpallar. Traerasme si me traes un furasebes e un mira-patrás. Traerasmo.

Xoán Vila, o escultor con trasno José M^a. Lugilde

Na exposición de Xoán Vila no Pazo de San Marcos quedei gratamente sorprendido pola súa evolución. En xeral, gustáronme tódalas pezas, pero hei de ser sincero: unhas máis que outras. Na entrada, a escultura xacente enfeitizoume. Eu diría que outra escultura, entrando á esquerda e que está moi arrecunchada, é unha peza moi estilizada, dúas figuras nunha soa, pero o reverso non se ve, polo que debería estar colocada na nave grande, no centro, para apreciála en todo o seu contorno. Á dereita, tamén acantoadá, unha escultura que me atrevo a titular *Xudaizante en vermello*, moi orixinal, sobresaie moito –diría eu– entre as demais esculturas pola súa policromía, que a favorece moitísimo. De tódalas demais esculturas policromadas que están na parede chamoume a atención a figura que está a escalar para chegar ó seu cadro e que, para min, representa a busca do eu profundo en base a unha fe que todos, dun xeito ou outro, levamos no noso interior máis profundo. A *instalación* representa o secreto revelado do mundo de Xoán, que á súa vez ten a xenerosidade de proxectalo cara ós demais sen falsos subterfuxios.

Este grande artista recrea un mundo propio cun estilo moi definido, lonxe de falsos artificios, e consegue comunicar ó espectador máis avezado todos eses matices onde a peza comunícase, sedúcete, atrápate e non podes nin debes esquecerla. Xoán Vila está chamado ó olimpo dos grandes, e mesmo coido que Fidias –o grande escultor da representación de Atenea para o Partenón– daríame a razón. E se non, ó tempo, el encárgase sempre de poñer as cousas no seu sitio. O talante deste artista é o dunha persoa cunha sensibilidade diría santificada, unha máxica sabedoría que lle conduce por vieiros ou camiños que o levan a esas metas ás que el desexa chegar. Polo feito de ser artista está case obrigado a ser un alquimista que cruza materia con espírito, logrando pezas esculpidas que están en horizontes moito máis afastados e máxicos que a nosa retina sagrada e mándrica ou polimándrica poida ver, acadado ese universo artístico-plástico que outros xa quixeran para si. Xoán, augúrote un futuro no que te relacionarás de preto cos máximos expoñentes da escultura universal.

O escultor Xoán Vila Darío Xohán Cabana

A exposición das esculturas en madeira de Xoán Vila na grande sala da Deputación é un acontecemento que vai ser lembrado, porque é a consagración pública dun gran artista, dun artista silandeiro, discreto, meu querido veciño, que ten o seu obradoiro na casa familiar á sombra das nobres carballeiras da parroquia de Romeán. Alí é onde Xoán Vila busca carrouchas e cotelas, táboas un pouco raras e raíces de árbores. Coma tal, pasa por diante da casa de Pepe o fontaneiro, que está diante da miña, e ve que o Pepe xuntou unha morea de cotelas de carballo e castiñeiro para facer leña. Ó Xoán hai algunha que lle chama a atención, e pídelo co seu sorriso encantador. Despois fai falar co Rego, a ver se lla pode levar co tractor para o seu obradoiro, e o Rego pode, xaora, que é un tipo moi servizal e bo veciño, moi sorridor tamén. Unha vez alí na aira, o Xoán Vila quédase mirando para a cotela, e preguntalle que é o que quere ser. Se cadra aínda tarda algúns días, pero a cotela acaba contestándolle: “Quero ser un home deitado, de tal e tal maneira”. Entón o Xoán Vila obedécelle: agarra os serróns, os machados, as eixolas, as gubias e as outras ferramentas da arte e empézalle a quitar o que lle sobra, como deixou mandado o mestre Miguel Anxo Buonarrotti, e vai quedando, coma tal, ese home deitado que vemos ó entrar na exposición, tan tenro e tan desamparado, e unha nocha que había na torada faille na cara unha mancha coma se fose un cancro na pel, e iso é precisamente o que máis nos conmove.

Xoán Vila empezou hai moitos anos, e empezou polo auténtico principio, aprendendo con rigor o oficio artesán da talla, facendo figuras convencionais, sen ambición artística. Unha vez apresa a técnica, Xoán escoitou as súas voces interiores e as propias voces da madeira, que ten durmindo dentro un mundo de formas que se suscitan só cando son chamadas polo xenio. E fíxose escultor, un creador potente e tenso, expresionista, duro e tenro asemade, dono dunha destreza de artesán auténtico e ademais posuído polo xenio, pola forza creadora e intelectiva que fai o gran artista. As gubias de Xoán Vila forman trazos, liñas, ritmos que nacen da febra e máis dos nós, que son lapas de lume ou raxadas de vento na pura materia da madeira. E algunhas destas esculturas, policromadas con óleos diluídos que non ocultan as texturas, aproveitan tamén a potencia da cor

insinuada polas formas. Coma tal na princesa un pouco parviña que se apoia nun pé e se retorce desa maneira tímida e nerviosa, tal e como quería a curvatura da torada onde estaba encerrada antes de o Xoán a descubrir.

Eu ben quixera que este fose un ensaio e seguir enfiando moitas páxinas sobre as diversas esculturas e as cousas que nos fan sentir. Pero isto é só un saúdo a Xoán Vila, unha expresión de admiración, un recoñecemento, un anuncio público de que un gran artista montou na sala de exposicións da Deputación unha exposición abraiante, fermosísima.

Esculturas de Xoán Vila Xulio López Valcárcel

NON era pequeno desafío o que afrontaba Xoán Vila na súa última exposición: responder á expectativa que unha sala como a da Deputación esixe. E abofé que Vila sae airoso do envite. A natureza e tradición popular galega inspiran a súa obra. Un humor, instalado entre o choqueiro e o inxenuo, e a tenrura duns seres que se manifestan sen dobreces, préstalle graza e sabor ás pezas. Madeiras de castiñeiro, carballo, freixo e bidueiro, do noso Romeán natal, contribúen a dotar de unidades a todo o conxunto. As orientacións de Paco Pestana, que apadriña o evento e fai o texto de presentación, «pasmadiños e calados furasebes» non se ven, pero están. Rostros, máscaras, formas orgánicas, fenómenos naturais, forxan un cosmos persoal e popular, irónica e ao mesmo tempo inocente, que funde as súas raizames no románico e na arte anónima, e que Vila recrea con acerto.

Esculturas exentas en tres dimensións unha veces, planas outras, madeiras policromadas nas que aparecen homes e mulleres caracterizados por un expresionismo burlón de ollos desorbitados e de bocas abertas como peixes moribundos. Noutros casos busca Vila as formas que a propia madeira ofrece: imaxes caprichosas, suxeridas, froito da investigación na materia, da disposición aberta do escultor. A través do azar e da imaxinación descobre formas que xa existían. Agardaban a que o artista lles conferise o sopro vital, a existencia.

A peza que se podía ver na entrada, coa perspectiva en fuga cara o fondo, abandonada nun sono intemporal e sereo, chea de indulxencia e de resignación. Unha obra mestra que sería suficiente para xustificar a exposición, se outras moitas pezas, bifrontes e unhas, planas outras, conformando un retablo unitario de «santos» campesiños e populares, non engadisen a súa achega. Outro acerto foi a instalación do taller do propio artista con obras en xestión. Mesa de traballo, presenza do autor nas cousas, mundo propio, alento, personalidade diferenciada, a que amosa Vila, auténtica realidade xa da nosa escultura.

PASMADIÑOS E CALADOS FURASEBES

XOÁN VILA

SI A ESTA FEIRA VAS, TRAERASME UN LISIADO
E UN CUCO, UNHA PULGA E UN PAZPALLAR.
TRAERASME SI ME TRAES UN FURASEBES E
UN MIRA-PATRÁS. TRAERASMO.





S/T
2007
madeira de castiheiro
policromada
37 x 40 x 18 cm







S/T
2006
madeira de mazaira
policromada
36 x 132 x 24 cm





S/T
2007
madeira de castiheiro
policromada
46 x 138 x 7 cm





S/T
2007
madeira de castiñeiro
policromada
15 x 125 x 13,5 cm





S/T
2006
madeira de mazaira
43 x 38 x 35 cm

S/T
2006
madeira de castiheiro
36 x 117 x 12,5 cm







S/T
2006
madeira de castiñeiro
32 x 177 x 37 cm



S/T
2006
madeira de castiñeiro
policromada
45 x 112 x 12 cm

S/T
2006
madeira de cerdeira,
aceiro inox.
24 x 92 x 4 cm









S/T
2006
madeira de castiheiro
policromada
41 x 157 x 37 cm



S/T
2007
madeira de castiheiro
46 x 42 x 31 cm



S/T
2007
talla directa en
madeira de castiñeiro
111 x 54 x 48 cm







S/T
2007
madeira de castiheiro
61 x 102,5 x 36 cm

S/T
2007
madeira de castiheiro
100 x 114 x 48 cm









S/T
2007
madeira de castiheiro
52 x 148 x 58 cm



S/T
2007
madeira de castiheiro
policromada
17 x 95 x 12 cm

S/T
2006
madeira de castiñeiro
medidas variables



S/T
2006
madeira de castiheiro
56 x 84 x 38 cm








S/T
2006
madeira de castiheiro
16 x 73 x 15 cm

S/T
2006
madeira de freixo e dm
36 x 114 x 82 cm







S/T
2007
instalación
68 tallas en madeira,
objectos varios,
ferramentas e
mesa de traballo
medidas variables



S/T
2006
madeira de castiñeiro
policromada
18 x 116 x 20 cm





S/T
2007
madeira de castiñeiro
policromada
18 x 110 x 12 cm

S/T
2006
instalación
madeira e aceiro inox.
medidas variables





CURRICULUM

EXPOSICIÓN COLECTIVAS

2007

Galería Burela. Burela. Lugo (Obra seleccionada XI Certame de Arte).

2006

Casa de la Cultura de Monreal del Campo. Teruel.

Casa de la Cultura de Calamocha. Teruel.

Casa de la Cultura de Daroca. Teruel.

Exposición Itinerante Centro de Estudios del Jiloca. Teruel.

XIV Exposición Colectiva de Pintura e Escultura. Sala de Exposicións Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo. Pontevedra.

Galería Burela. Burela. Lugo (2º premio X Certame de Arte)

Ministerio de Fomento. Madrid.

Museo de Arqueología e Historia. Melilla.

2005

Ministerio de Fomento. Madrid.

Nuevos Ministerios. Madrid.

Asociación Meigas e Tragos. Sarria. Lugo.

Aula de Cultura do Concello de Burela. Lugo.

Sala de la Arquería. Madrid.

Galería Spaces. Lisboa.

Exposición Arte Balura. Castro de Rei. Lugo.

Galería Burela. Burela. Lugo (Obra seleccionada IX Certame de Arte)

2004

Galería Burela. Burela. Lugo (3º premio VIII Certame de Arte)
Instituto Lucus Augusti. Lugo.
Exposición Galaico-Portuguesa.
Edificio Multiusos. Xunta de Galicia. Lugo.
Auditorio Municipal. Lugo.
Andreas Stihl. Madrid.

2003

Colectiva Ex-Alumnos da Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos *Ramón Falcón* de Lugo.
Sala "Uxío Novoneira". Lugo.
Galería "Trempl". Barcelona.
Colectiva da *Comarca de Ulloa*. Palas de Rei. Lugo.
Certame de artes plásticas do Ministerio de Fomento. Madrid.
Exposición Arte Balura. Castro de Rei. Lugo.
Galería Burela. Burela. Lugo (Obra seleccionada VII Certame de Arte)
"Meira Mostra". Meira. Lugo.
"Agasallos para o Nadal". Centro de Artesanía e Deseño de Galicia. Lugo.

2002

Casa da Cultura de Vilalba. Lugo.
Ministerio de Fomento. Madrid.
Exposición "Porto de Ferrol". Ferrol.
"Meira Mostra". Meira. Lugo.
MOEXMV. Muimenta. Lugo.
Arte Milagrosa 2002. Lugo.
Exposición Arte Balura. Castro de Rei. Lugo.
Centro de Artesanía e Deseño de Galicia. Lugo.

2001

Certame artístico do Ministerio de Fomento. Madrid.
"Meira Mostra". Meira. Lugo
Exposición de escultura "Arte Balura". Castro de Rei. Lugo.
Arte Pepa. Lugo.

2000

Segundo Certame de Arte do Nadal "Cidade de Lugo".
Centro de Artesanía e Deseño de Galicia. Lugo.
MOEXMV. Muimenta. Lugo
Certame artístico do Ministerio de Fomento. Madrid.
"Meira Mostra". Meira. Lugo.

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

2007

Deputación Provincial de Lugo. Lugo.
Auditorio de Vilalba. Lugo.
Sala de Arte Babel. Lugo.

2006

Delegación "La Voz de Galicia". Lugo.
Centro Comarcal "A Ulloa". Lugo.

2004

Ateneo Ferrolán. Ferrol.

2003

Museo Comarcal. A Fonsagrada. Lugo.
Casa da Cultura. Vegadeo. Asturias.

2002

Xunta de Galicia. Edificio Multiusos. Lugo.
Casa da Cultura de Vilalba. Lugo.
Sala Goleta. Lugo.

Con anterioridade ó ano 2001 realizou varias exposicións, tanto individuais como colectivas, en pequenas salas de exposicións, cafés, casas de turismo rural, etc...

OBRA EN MUSEOS E COLECCIÓN

Museo Provincial de Lugo. Lugo.

Ministerio de Fomento. Madrid.

Andreas Stihl. Madrid.

Sala de la Arquería. Madrid.

Caja Postal. Madrid.

Ateneo Ferrolán. Ferrol.

Consellería da Presidencia. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Fondo Artístico da Delegación Provincial de Cultura. Xunta de Galicia. Lugo.

Museo Comarcal. A Fonsagrada. Lugo.

Asociación Cultural Meigas e Tragos CIT. Sarria. Lugo.

Instituto Lucus Augusti. Lugo.

MOEXMU. Muimenta. Lugo.

Obras en diversas coleccións privadas, casas de turismo rural, hoteis, etc.

PREMIOS E DISTINCIÓN

Seleccionado VII Certamen Nacional de Pintura y Escultura “Ciudad de Melilla”. Ano 2006.

Seleccionado VIII Certamen Internacional de Artes Plásticas “José Lapayesé Bruna”, convocado polo Centro de Estudios del Jiloca. Exposición Itinerante. Teruel. Ano 2006.

Seleccionadas dúas obras na XIV Colectiva de Pintura e Escultura. Cangas do Morrazo, Pontevedra. Ano 2006.

Seleccionadas dúas obras no XI Certame Internacional Ilustrísimo Concello de Cangas. Cangas do Morrazo, Pontevedra. Ano 2006.

Segundo Premio de Escultura no XI Certame de Arte “Galería Burela”. Burela, Lugo. Ano 2006.

Primeiro Premio de Escultura. Bienal “Meigas e Tragos”. Sarria. Ano 2005.

Mención de Honor de Artes Plásticas.
Ministerio de Fomento. Madrid. Ano 2005.

Terceiro Premio de Escultura.
Ministerio de Fomento. Madrid. Ano 2005.

Terceiro Premio de Escultura no IX Certame de Arte “Galería Burela”.
Burela. Lugo. Ano 2004.

Primeiro Accésit Andreas Stihl.
Madrid. Ano 2004.

